



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 5 DE MARZO DO 2020.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día cinco de marzo do dous mil vinte, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 20 de febreiro de 2020 e 27 de febreiro de 2020.

II.- CONTRATACIÓN.

**APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO DE
INSTALACIÓNS, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE
CARREIRA, REFORMULADO”.**

Expediente: 2020/C_OB000001

A alcaldía mediante decreto de data 18/03/2019 resolveu aprobar a resolución do contrato instado pola mercantil FONSÁN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN, S.L., subscrito polas partes con data 8 de setembro de 2017, sobre as obras de “INSTALACIÓNS, REMATE E





URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA”, sobre proxecto redactado polo arquitecto Ángel Cid Carballo (en representación de 2C Arquitectos) en data novembro de 2015.

O investimento foi incluído na “4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/06/2016, segundo a Circular da data 04/07/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 06/07/2016, co número 8.912).

Visto o novo expediente que se tramita para contratar as obras de **INSTALACIÓNS, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA, REFORMULADO**”, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Ángel Cid Carballo na data marzo/2019.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado polo arquitecto Ángel Cid Carballo na data marzo/2019, cun orzamento total de licitación de 295.580,58 euros (orzamento base: 244.281,47 euros; IVE 21% 51.299,11 euros).
- 2.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión de data 25/03/2019, polo que se aproba o proxecto citado no apartado anterior.
- 3.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria de data 13/09/2019, polo que se aproba o proxecto modificado da obra do Concello de Riveira denominada “Instalacións, remate e urbanización exterior do centro social multiusos de Carreira”, incluída na 4ª e derradeira fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015.
- 4.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10/02/2020.
- 5.- Informe de supervisión de proxecto asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10/02/2020, no que informa que na redacción do proxecto tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica aplicable, e polo tanto, resulta válido e apto para ser licitado.
- 6.- Informe referente a división en lotes do contrato asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10/02/2020, no que informa que non procede a división en lotes do obxecto do contrato segundo o establecido no artigo 99.3.b) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 7.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada polo arquitecto municipal José Alberto Iglesias Fungueiriño na data 04/03/2020 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 8.- Documento contable “RC” expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 19/02/2020 (número de operación 2020 22002444), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 933 62200.
- 9.- Acta de replanteo previo das obras asinada, en sentido favorable, polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10/02/2020.
- 10.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática). Por se tratar





dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 27/04/2018, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 82, da data 02/05/2018 asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 04/03/2020.

11.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 04/03/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

12.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 04/03/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL que, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras do “PROXECTO DE INSTALACIÓNS, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA, REFORMULADO”, redactado polo arquitecto Ángel Cid Carballo na data marzo/2019, cun orzamento total de licitación de 295.580,58 euros (orzamento base: 244.281,47 euros; IVE 21% 51.299,11 euros). (Valor estimado do contrato: 268.709,62 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 04/03/2020.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933 62200.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

SEXTO.- A presente licitación ten carácter electrónico. Con carácter exclusivo e excluinte presentaranse as ofertas no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: https://silex.conselleriadeconomia.es/SLE_Internet/

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - JOSÉ CAAMAÑO MARTÍNEZ.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Taller protésico dental (epígrafe IAE 837.2).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.

SITUACIÓN: Lugar de Outeiro nº 22, Artes, Riveira.

REFª CATASTRAL: 15074A001000250001LE.

PROMOTOR/A: Sr. José Caamaño Martínez, (D.N.I. 52.937.175-F).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. 1.166).

PROXECTO: Proxecto de actividad de outubro de 2016.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a solicitude e documentación presentada polo Sr. José Caamaño Martínez, (D.N.I. 52.937.175-F), para exercer a actividade de taller protésico dental (epígrafe IAE 837.2) en instalacións sitas no lugar de Outeiro nº 22, Artes, Riveira nos termos do Proxecto de actividad de outubro de 2016 redactado polo Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. 1.166).

SEGUNDO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 4 de marzo de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

TERCEIRO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 3 de marzo de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 4 de marzo de 2020 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación, vista a acta de comprobación con sinatura



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 11/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2020 13:13:30





dixital favorable o día 3 de marzo de 2020 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/03/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade de taller protésico dental (epígrafe IAE 837.2) en instalacións sitas no lugar de Outeiro nº 22, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A001000250001LE, solicitada nos termos do Proxecto de actividade de outubro de 2016 redactado polo Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. 1.166).

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - MIGUEL PIÑEIRO PÉREZ.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de nave para taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

SITUACIÓN: Porto comercial de Riveira, local 19-B.

PROMOTOR/A: Sr. Miguel Piñeiro Pérez, (DNI 78.785.181-S).



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 11/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2020 13:13:30

DOCUMENTO: 20200477266

Fecha: 11/03/2020

Hora: 13:09





AUTOR/A PROXECTO: Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183).

PROXECTO: Proxecto Básico de xaneiro de 2020.

AUTORIZACIÓN SECTORIAL - RESOLUCIÓN PORTOS DE GALICIA: Por resolución da Presidenta de Portos de Galicia Sra. Susana Lenguas Gil de día 23 de xaneiro de 2020 outorgouse ao Sr. Miguel Piñeiro Pérez a concesión administrativa para construción dunha nave con destino a taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 58.000,00 €.

Visto o escrito de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Consta no expediente concesión administrativa outorgada a favor do Sr. Miguel Piñeiro Pérez para construción dunha nave con destino a taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños asinada pola Presidenta de Portos de Galicia Sra. Susana Lenguas Gil de día 23 de xaneiro de 2020.

SEGUNDO.- Polo Sr. Miguel Piñeiro Pérez, (DNI 78.785.181-S), solicitábase en escrito rexistrado de entrada o día 11 de febreiro de 2020, (Rexistro de entrada nº 2.027), licenza de obras para construción de nave para taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños no Porto comercial de Riveira no local 19-B, achegándose Proxecto Básico de xaneiro de 2020 redactado por Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183), así como a concesión administrativa para construción dunha nave con destino a taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños asinada pola Presidenta de Portos de Galicia Sra. Susana Lenguas Gil de día 23 de xaneiro de 2020.

TERCEIRO.- O arquitecto técnico municipal Jesúa García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital o día 19 de febreiro 2020 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O Porto Comercial de Riveira, no que se proxecta a construción dunha nave con destino a taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños atópase incluída no dominio público portuario no Porto de Castiñeiras, Riveira, e clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, publicado no BOP de data 14 de xaneiro de 2003 e no DOG do 20 de marzo de 2003, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO.**

“

(...)

ORDENANZA 9.1.- Desenvolvemento

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 11/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2020 13:13:30

DOCUMENTO: 20200477266

Fecha: 11/03/2020

Hora: 13:09





instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

ORDENANZA TRANSITORIA 9.2-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entiende, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:

Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.

(...)
“

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiren a condición de soar e a edificar estes nas condicións





establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse

SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de xaneiro de 2020 redactado por Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183), así como a concesión administrativa para construción dunha nave con destino a taller de reparación e mantemento de barcos





e motores mariños asinada pola Presidenta de Portos de Galicia Sra. Susana Lenguas Gil de día 23 de xaneiro de 2020.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.





DÉCIMO PRIMEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO SEGUNDO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de





conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos, con sinatura dixital de data 19 de febreiro de 2019, vista a concesión administrativa para construción dunha nave con destino a taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños asinada pola Presidenta de Portos de Galicia Sra. Susana Lenguas Gil de día 23 de xaneiro de 2020, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/02/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Miguel Piñeiro Pérez, **licenza de obra (Nº 7/20)** para construción de nave para taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños no Porto comercial de Riveira no local 19 - B, nos termos do Proxecto Básico de xaneiro de 2020 redactado por Sr. Juan Millán Figueirido:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial.***
- *Deberá adecuarse íntegramente á concesión administrativa para construción dunha nave con destino a taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños asinada pola Presidenta de Portos de Galicia Sra. Susana Lenguas Gil de día 23 de xaneiro de 2020.*

SEGUNDO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



FIRMANTE - FECHA





VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CORRECCIÓN DE OFICIO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA EDIFICIO DE CINCO (5) VIVENDAS GARAXES E ROCHOS, INICIALMENTE SETE (7) VIVENDAS CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2020 - SOA TOMADA, S.L.

LICENZA DE OBRA Nº 106/07: Concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 1 de marzo de 2007.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de dous (2) edificios de sete (7) vivendas, trasteros e rochos composto de semisoto, soto, planta baixa, planta alta e baixocuberta.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA MODIFICADA: Construcción de edificio de cuatro (5) vivendas, trasteros e rochos.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 3339301NH01330001EF e 15074A8350053000ZL.

SITUACIÓN: Rúa Revaleiras nº 14, Palmeira, Riveira.

PROMOTOR/A: SOA TOMADA S.L. (CIF B-70.127.014).

AUTOR/A PROXECTO: Sra. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecto col. nº 2.498).

PROXECTO: Proxecto Básico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data de 1 de decembro de 2006 / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 13 de decembro de 2007 / Proxecto de Execución modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 13 de decembro de 2008 / Proxecto Técnico de Infraestruturas Común de Telecomunicacións / Replanteo Liña de Servidume de Protección asinado polo Sr. César Luis López Pérez.

ACORDO DE ADOSE: Acordo de adose asinado na data 19 de febreiro de 2007.

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Documentación Fin de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 9 de outubro de 2019 / Certificación Final de Obra e Anexo I e Anexo II visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de outubro de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Sra. Mª Carmen Gago Fernández e polo Arquitecto Técnico Sr. Joaquín Gago Fernández / Documentación complementaria xustificativa dos cambios efectuados visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de 2020 / Certificado emitido polos directores de obra xustificativo do cumprimento de Replanteo da Liña de Servidume de Protección / Acta de Recepción de Edificio Terminado / Xustificante do Catastro de Alta no IBI - Modelo 900-D / Certificado de illamento acústico emitido pola empresa Virocem / Boletín de instalacións de Telecomunicacións firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións col. 9.220 Sr. Alfonso Saavedra Boado visado polo Colexio Oficial de Telecomunicacións de 6 de novembro de 2017 / Certificado de Instalación de Electricidade e fontanería / En relación ao informe favorable da acometida de auga e da acometida de saneamento emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA) asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Explotación Operacións Zona Sur na data 3 de xaneiro de 2020.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola entidade SOA TOMADA S.L. (CIF B-70.127.014), solicitábase en escrito rexistrado de entrada na data 1 de decembro de 2006, (Rexistro de entrada nº 25.55), licenza de obra para Construcción de edificio de seis (7) vivendas na Rúa Revaleiras nº 14, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catstral nº 3339301NH01330001EF e 15074A8350053000ZL.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 1 de marzo de 2007 por unanimidade acorda **CONCEDER** á entidade SOA TOMADA S.L. **LICENZA DE OBRAS Nº 106/07** para construción de edificio de seis (7) vivendas, trasteros e rochos na Rúa Revaleiras nº 14, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catstral nº 3339301NH01330001EF e 15074A8350053000ZL.



FIRMANTE - FECHA





TERCEIRO.- Consta asinado contrato de cesión na data 28 de marzo de 2007, polo que o promotor cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreo de 67,27 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

CUARTO.- Posteriormente polo entidade SOA TOMADA S.L. en escrito rexistrados de entrada nas datas 15 de outubro de 2019, 13 e 20 de xaneiro, 5 e 10 de febreiro de 2020 (Rexistro de entrada nº 14.468, 442, 760, 1670 e 1.881 respectivamente), solicítase licenza de primeira ocupación para dúas (2) edificacións para un total de cinco (5) vivendas, na Rúa Revaleiras nº 14, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 3339301NH01330001EF e 15074A8350053000ZL construída ao amparo da licenza nº 106/07, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 1 de marzo de 2007, achegándose **Documentación Fin de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 9 de outubro de 2019, **Certificación Final de Obra e Anexo I e Anexo II** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de outubro de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto Sra. Mª Carmen Gago Fernández e polo Arquitecto Técnico Sr. Joaquín Gago Fernández, **Documentación complementaria xustificativa dos cambios efectuados** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de 2020, **Certificado emitido polos directores de obra xustificativo do cumprimento de** Replanteo da Liña de Servidume de Protección, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante do Catastro de Alta no IBI - Modelo 900-D, Certificado de illamento acústico** emitido pola empresa Virocem, **Boletín de instalacións de Telecomunicacións** firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións col. 9.220 Sr. Alfonso Saavedra Boado visado polo Colexio Oficial de Telecomunicacións de 6 de novembro de 2017, **Certificado de Instalación de Electricidade e fontanería, En relación ao informe favorable da acometida de auga e da acometida de saneamento emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 3 de xaneiro de 2020.

QUINTO.- No caso que nos ocupa o arquitecto municipal Sr. Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira ocupación o día 13 de febreiro de 2020 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente.

SEXTO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20 de febreiro de de 2020 acordou por unanimidade conceder á entidade SOA TOMADA S.L. (CIF B-70.127.014) a licenza de primeira ocupación solicitada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**. A parcela está afectada parcialmente pola Servidume de Protección de Costas, constando no expediente Acta de replanteo do organismo titular.

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en



FIRMANTE - FECHA





ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

TERCEIRO.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto principal comprobar si o realizado se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente.

O artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- Artigos 349 a 358 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Así o artigo 355.3 do Regulamento establece que as solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán ir acompañadas dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o exixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Xuntarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, se é o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais nos termos previstos no artigo 358.2 deste regulamento.

QUINTO.- A licenza de primeira ocupación regúlase nos artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación

1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, exixa o concello competente.

2. Sin perxucio do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxeto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

– Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.





– Que sexa susceptible de utilización independente.

– Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificársela á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto de dito acto administrativo.

SEXTO.- A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamento é estritamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o Concello de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.

O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 11/03/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/03/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/03/2020 13:13:30





cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, **sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito**, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.

Como sinala a STS de 14 de decembro de 1998, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impoñendo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos términos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de restablecemento da legalidade urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

SÉTIMO.- O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

OITAVO.- O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.

NOVENO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO.- O Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

DÉCIMO PRIMEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 13 de febreiro de 2020, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/02/2020, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade SOA TOMADA, S.L. **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para dúas (2) edificacións de vivenda colectiva para un total de cinco (5) vivendas, na Rúa Revaleiras nº 14, Palmeira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 3339301NH01330001EF e 15074A8350053000ZL construída ao amparo da licenza nº 106/07, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 1 de marzo de 2007, de acordo coas determinacións da **Documentación Fin de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 9 de outubro de 2019, **Certificación Final de Obra e Anexo I e Anexo II** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de outubro de 2019 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados pola arquitecto Sra. Mª Carmen Gago Fernández e polo arquitecto técnico Sr. Joaquín Gago Fernández, **Documentación complementaria xustificativa dos cambios efectuados** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de febreiro de 2020, **Certificado emitido polos directores de obra xustificativo do cumprimento de** Replanteo da Liña de Servidume de Protección, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante do Catastro de Alta no IBI - Modelo 900-D, Certificado de illamento acústico** emitido pola empresa Virocem, **Boletín de instalacións de Telecomunicacións** firmada polo Enxeñeiro de Telecomunicacións col. 9.220 Sr. Alfonso Saavedra Boado visado polo Colexio Oficial de Telecomunicacións de 6 de novembro de 2017, **Certificado de Instalación de Electricidade e fontanería, En relación ao informe favorable da acometida de auga e da acometida de saneamento emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Juan Antonio Samartín Iglesias Xefe de Eplotación Operaciones Zona Sur na data 3 de xaneiro de 2020.

SEGUNDO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



FIRMANTE - FECHA





X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Manuel Torres Regueira**, de data 21/02/2020 (Rexistro xeral de entrada nº 2.708), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa de Sálvora, nº 84, Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 03/03/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Manuel Torres Regueira autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo con pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa de Sálvora, nº 84, Aguiño, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por **José Alberto Iglesias Miguéns**, de data 26/02/2020 (Rexistro xeral de entrada nº 2.882), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa do Mar, nº 1, Castiñeiras.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 03/03/2020 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a José Alberto Iglesias Miguéns autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa do Mar, nº 1, Castiñeiras, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **María Leonor Estévez Álvarez**, de data 03/03/2020 (Rexistro de entrada nº 3.140), no que solicita autorización para a realización dun acto simbólico, co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, coa colocación dunhas ás de pedra no monumento adicado ás mulleres que se atopa na rotonda de entrada á zona portuaria, así como a colaboración da Policía Local para a regulación do tráfico na citada rotonda o día 08/03/2020 entre as 12:45 e as 13:30 horas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración do citado acto exclusivamente o día 08/03/2020.
- Autorizar a colaboración da Policía Local para a regulación do tráfico na citada rotonda o día 08/03/2020 entre as 12:45 e as 13:30 horas

2.- Visto o escrito presentado pola **Cofradía de Pescadores de Carreira e Aguiño**, de data 26/11/2019 (Rexistro de entrada nº 16.487), na que solicita a prohibición de aparcamento na marxe dereita da Rúa Xunqueiras para facilitar o tráfico de vehículos con remolques de embarcacións que saen ou entran ao porto.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 03/12/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a prohibición de aparcamento na marxe dereita da Rúa Xunqueiras, instalando un sinaleiro vertical R308 e pintado de liña amarela no tramo sinalado e, así mesmo, que se proceda ao pintado con liña branca lonxitudinal discontinua na zona onde se permite aparcar, según o sinalado no citado informe policial.

3.- Visto o escrito remitido polo **Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 03/03/2020 (Rexistro de entrada nº 3.152), no que remite sentenza (nº 17/2020), de data 27/01/2020, estimando o recurso contencioso-administrativo interposto por Hercor Inversiones, S.L. (Proc. Abreviado nº 80/2018) contra a desestimación por silencio do recurso de reposición formulado contra liquidación do IIVTNU realizada polo Concello de Ribeira, en data 20/10/2017 (Expte. 2017/110).

A Xunta de Goberno Local queda enteirada da sentenza de referencia e, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda ao cumprimento da mesma, dando traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.





SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

1.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 02/03/2020, en relación á Resolución do 26 de febreiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa Cultura no Camiño que se convocan para o ano 2020 (DOG núm. 40 do 28/02/2020).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura e Turismo unha axuda, ao abeiro da orde citada anteriormente, para o desenvolvemento do programa **“Cultura no Camiño”** e polo tanto participar nesta programación no presente 2020.

Segundo.- Comprometerse a financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto da actividade ata o importe total da execución como establece o apartado *Sétimo. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento 1.3.*

Terceiro.- Declarar non estar incurso en algunha das circunstancias ou prohibicións indicadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto.- Acreditar o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do exercicio 2018 a través de certificación emitida ao respecto polo Secretario Xeral.

2.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Medio Ambiente, Elvira Pereira Ageitos**, de data 04/03/2020, en relación ao *“Programa de subvencións para a limpeza de praias marítimas dirixido a Concellos da Provincia da Coruña durante o exercicio 2020”*, cuxas bases específicas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 29 do 12/02/2020 e a *“Convocatoria do programa de subvencións para limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2020”*, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 34 do 19/02/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Presentar a seguinte solicitude de subvención: **Convocatoria do programa de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido a concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2020”**
- Designar como **representante** do concello para a solicitude de subvención ao Sr. Alcalde, **Manuel Ruiz Rivas**.
- **Aceptar as bases da convocatoria** cos compromisos que nela se inclúen.





- **Comprometerse** a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que realice do desenvolvemento da actividade subvencionada.
- **Autorizar** á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Nomear como **representante** para as relacións desta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña ao Sr. Alcalde do Concello de Ribeira D. **Manuel Ruiz Rivas**.

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO: Pago de gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido de Ribeira 2020.

Vista a proposta presentada polo **Xurado do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido de Ribeira 2020**, de data 26/02/2020, na que solicita que se realice o pago aos beneficiarios das gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido de Ribeira 2020, segundo os importes reflectidos na citada proposta.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Prestar a súa aprobación ao pago para os beneficiarios das gratificacións/premios do Festival de Murgas e Comparsas do Entroido de Ribeira 2020, segundo a seguinte relación:

Murga/Comparsa – Cat. Infantil/Adulta	Importe Premio/Gratificación
Asociación Cultural Alfaia	Gratificación: 200,00 €
Comparsa Os Soldados	Gratificación: 200,00 €
Asociación O Faro de Corrubedo	Gratificación: 200,00 €
Asociación Haveira	Gratificación: 200,00 €
Escola de Baile El Tomasón	Gratificación: 200,00 €
Real e Ilustre Cofradía da Dorna	Gratificación: 200,00 €
Murga da ANPA o Campo	Gratificación: 200,00 €
Club Santa Uxía 3ª Idade	Gratificación: 200,00 €
Murga de Porto do Son, “Os de sempre”	<u>1º premio</u> : 1.000,00 €
Asociación Veciños de Carreira	<u>2º premio</u> : 600,00 €
Residencia do Maior de Riveira	<u>3º premio</u> : 400,00 €





ADOPCIÓN TOPÓNIMO OFICIAL DO CONCELLO.

Dáse conta e lectura ó informe emitido a instancia do Concello de Ribeira polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega e que é do seguinte tenor literal na súa parte dispositiva:

"Como é sabido, a nosa toponimia presentaba a principios da Autonomía un estado alarmante de deturpación, con castelanizacións gráficas e morfolóxicas e alteracións, froito do descoñecemento e do desleixo por parte dos órganos de goberno.

Ó abeiro da Constitución de 1978, a Administración do Estado transferiulle á Xunta de Galicia, entre outras competencias, a de Organización e, expresamente "Aalteración dos nomes e capitalidade dos municipios".

Por ese motivo, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 42/1979, do 21 de setembro, de creación da Comisión de Toponimia na Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, que será desde aquela o órgano encargado de restituír e rexistrar a nosa toponimia oficial.

Posteriormente, e seguindo o establecido no Estatuto de Autonomía de 1981 (art. 5. "A lingua propia de Galicia é o galego") e na Lei de Normalización Lingüística de 1983 (art. 10. "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega"), modificouse o decreto de creación da Comisión de Toponimia en 1984, para adecuala ás novas esixencias legais e, de novo en 1998, para adaptala aos cambios producidos na estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

A Comisión de toponimia non é outra cousa ca "o órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta de Galicia para a determinación dos nomes oficiais da toponimia galega e para evacuar as consultas que sexan necesarias a tal fin" e, na actualidade, é o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega quen asume as competencias da Ponencia de Estudo desta Comisión.

Onome do municipio de Ribeira non presentaba grandes dificultades para a súa restitución pois non só é un nome de lugar moi frecuente en Galicia (hai máis de 80 entidades de poboación chamadas así ou que conteñen Ribeira no seu nome: (A) Ribeira, Casrabeira, San Pedro de Ribeira, Ribeiradona etc.), senón que está formado por unha voz de uso común recollida nos dicionarios, o substantivo ribeira 'franca de terra que está ao lado dun río, dun lago ou do mar'; 'zona de terra que está próxima e dá cara ao mar ou cara ao río. Este substantivo provén do latín RIPARIA, do mesmo significado, única etimoloxía posible.

O municipio recibe o nome da localidade que é a súa capital municipal, que á súa vez otoma do nome da parroquia: Santa Uxía de Ribeira.

Como é ben sabido, xa que o que se coñece da historia do topónimo está publicado en distintos lugares, na documentación antiga galega a parroquia encóntrase por primeira vez atestada nun testamento de 1378 recollido por López Ferreiro na obra Colección Diplomática Galicia Histórica. Alf figura como Santa Ougea de Ribeira4, segundo transcripción do autor.





Menos dun século máis tarde, no Liber Tenencie do Horro (ano 1432) tamén se recolle entre as parroquias do arciprestado de Postomarcos a de Sancta Ougea de Ribeyra.

En textos posteriores de Galicia, xa escritos en castelán, o nome da parroquia aparece máis ou menos castelanizado e ás veces con artigo (da Ribeira) pero sempre escrito con ata o século XVII en que, nas Memorias do cardeal Gerónimo del Hoyo, se documenta por primeira vez con <v>.

Adoita considerarse que a partir dese século XVII o nome do topónimo se escribe xa regularmente con <v> e é innegable que ten que ver coa influencia do castelán, única lingua en que, segundo os datos de que dispoñemos, están os textos en que rexistramos escrito o topónimo ata o século xx.

A partir do séc. xv, isto é, despois de que atestemos por primeira vez o nome da parroquia galega, documéntase en castelán unha voz rivera que hoxe recolle o seu dicionario co significado de 'arroyo, pequeno caudal de agua continua que corre por la tierra', distinta de ribera 'margen y orilla del mar o río'. Isto, xunto coa confusión de grafías b/v que na Idade Media representaban os fonemas [b] e [v] e que logo confluíron nun único son, o que facilitou que se usasen indistintamente, explica claramente o incremento das formas gráficas Riveira.

Con todo, e oficialmente, o nome do municipio figurou co nome de Ribeira, Santa Eugenia de no Nomenclátor de 1842; Riveira nos de 1860e1877; e Ribeira (sen a advocación) nos de 1857, 1887, 1897, 1900, 1910, 1920, 1930, 1940, 1950, 1960, 1970, 1981, 1991, 2001, 2011 e así ata a actualidade.

No procedemento de recuperación das formas correctas dos nosos nomes de lugar a Comisión de Toponimia, como órgano oficial, debe seguir as Nonnas ortográficas e morfolóxicas do galego do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega que establecen que a ortografía galega é etimolóxica. Deste xeito, desde a Comisión mantívose a forma oficial que figuraba nos Nomenclátors e que se corresponde coa única forma ortograficamente válida no galego moderno.

Isto é todo canto o Seminario de Onomástica da RAG, que como dixemos ten delegadas as competencias en toponimia da Ponencia de Estudo da Comisión de Toponimia, pode alegar para explicar a forma lexítima e oficial Ribeira do Nomenclátor de Galicia”.

Enterados/as os/as Sres/as Concelleiros/as do contido do informe, a Xunta de Goberno Local, en función das competencias delegadas pola Alcaldía a través de resolución de data 17 de xuño de 2019, acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:- Asumir como topónimo oficial do Concello o de **“CONCELLO DE RIBEIRA”**, en consonancia co informe emitido polo Seminario de Onomástica Real Academia Galega a instancia desta entidade local.

Segundo:- Comunicalo presente acordo a todos os departamentos municipais e organismos oficiais para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.





AUTORIZACIÓN LICENZA DE ARMA TIPO CARABINA

VISTA a solicitude presentada por **D. Juan Pablo Muñiz Rey**, DNI 52933018-J, e domicilio en rúa Clara Campoamor, nº 3-4º F Ribeira (A Coruña) para a obtención de licenza de “arma tipo carabina” das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):

« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen avecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

A súa validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na categoría 4.ª, 1, soamente poderanse documentar seis armas con tarxetas A cuxa validez será de cinco anos.





3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 18 de febreiro de 2020, examen psicotécnico e facturas das carabinas para as que solicita licenza

A Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. Juan Pablo Muñiz Rey**, licenza para as armas carabinas, **tipo 4.2**, que se relacionan a continuación:

“Lobo Azor, calibre 5.5., número 79.1c.17.17”

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e dezaioito minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

